



INFANTIL

1º "Esperta" Luana Correa Caamaño

2º "Tiago comendo mandarina" Xoel Maceiras Pérez

3º "Carnosáns" Noa González Estévez

1º CICLO

1º "O coronatolo" Catalina Tajés Quevedo

2º "Eu son Balbino" Iker Rodríguez Capelo

3º "A piruleta sabionda e a mazá" Andrés
Cambeiro Lago

2º CICLO

1º "O reinado de Croissant I de Carnota"
Álvaro Cambeiro Lago

2º "O raposo Pedro" Mateo Mayo Caamaño

3º "A comida divertida" Sabela Siaba Sánchez

3º CICLO

1º "Manzam" Lucía Sendón Louro

2º "Daniel e as ortigas" Aitor Alvarellos Lago

3º "As fadas da froita" Cristina Sanvicente Caamaño



C.E.I.P. DE Carnota

Curso 2019 - 2020

Estimadas familias:

Imos rematar un curso moi especial, que esperamos non ter que volver a pasar nas mesmas condicións.

As familias, facendo de mestres e mestras na casa, cun esforzo titánico, para que os vosos fill@s perderan académicamente o menos posible; o alumnado realizando as súas tarefas durante tres meses sen compañeir@s ao lado nunha situación sen precedentes; e nós, os maestr@s, solventando a situación como mellor puidemos. Aínda que con deficiencias, puxemos todo o noso empeño en que esta mala experiencia fose o máis produtiva e o menos traumática, tratando de chegar a todo o alumnado da mellor maneira posible.

Nesta situación convocouse o concurso **"Mareando historias"**, xa tradicional no noso centro. Ata agora, as familias non estaban involucradas nel, por ser algo que os alumn@s realizaban nas aulas, so coas directrices e corrección d@ maestr@ e sen axuda de fóra.

Este ano, como todo foi diferente, queremos darvos as grazas por toda a vosa colaboración e facervos partícipes dos debuxos e relatos gañadores desta edición.

Os premios serán entregados o primeiro día do vindeiro curso (esperando que sexa posible), invitando, dende aquí, ao alumnado de sexto para recoller os galardóns, a pesares de que para esas xa non estarán no noso centro, por ter promocionado á ESO, é dicir, ascendido de categoría.

Josefa Quintela, coordinadora da Biblioteca do C.E.I.P. de Carnota

1º PREMIO EDUCACIÓN INFANTIL

“Esperta”, de Luana Correa Caamaño.



2º PREMIO EDUCACIÓN INFANTIL

“Tiago comendo unha mandarina”, de Xoel Maceiras Pérez.



3º PREMIO EDUCACIÓN INFANTIL

“Carnosáns”, de Noa González Estévez.



1º PREMIO PRIMEIRO CICLO

“o coronatolo”, de Catalina Tajés Quevedo.

Eu son una nena, que vivo nunha aldea pequena e estiven encerrada na casa moito tempo, por exemplo noventa días. E todo por culpa dun virus o que eu lle chamo coronatolo. Por culpa del, estiven moi triste porque non puiden ver os meus amigos. Porque cando mamá traballa, quedo cos avós e fago os traballos do cole, pero non hai nenos para poder xogar. Cando os vexa estarei moi contenta.

Axudei moito na casa, a plantar pementos, tomates... e aprendín que recollemos a comida da planta. Vin nacer un pemento! E case deixei de comer chuches, que son malas que teñen moito azucre, pero eu a algunhas, como as fresas, non llo vexo.

Como non vou o cole, polas mañás, recóllolle os ovos das galiñas. Eu non lle teño medo a elas, pero creo que elas a min si, aínda que non sei porqué.

O outro día fixemos un biscoito, o meu bisavó chámalle bola, pero é redondo cun burato no medio, a min paréceme una roda marrón. O biscoito levaba ovos das nosas galiñas, dous limóns do noso limoeiro e



outras cousas que xa non me acordo. A miña nai di que é mellor que comer os do súper, porque ela co teléfono mira sempre si son bos ou malos, por unha cousa que se chama aceite de palma que debe ser malo non, malísimo! Porque si ten eso, déixao alí.

Cando dixeron no televisor que xa podíamos saír un pouco, fomos pasear polo monte e ata a praia. E tamén na bici, que a primeira vez caín nun rego fondo e enchinme de pupas, doce nun brazo, na perna un moratón e na cara unha que me doía cando a tocaba.

2º PREMIO PRIMEIRO CICLO

“Eu son Balbino”, de Iker Rodríguez Capelo.

Vouvos contar a historia dun neno de Carnota chamado Balbino. Este Balbino era un neno que lle gustaba moito o deporte. Xogaba ao fútbol, ao baloncesto, practicaba patinaxe, Taekwondo e ximnasia rítmica pero o que mais lle gustaba de todo era facer música cos seus amigos. Tocaba a guitarra e o piano de marabilla. Tamén era un neno que lle gustaba comer ben e moita froita. Os seus pratos preferidos eran as lentellas, o lacón con grelos e peixe con coliflor en salsa de bechamel.

Un día dille a súa nai que non pode ir a xogar cos seus amigos durante un tempo e tampouco ir a escola de música. A Balbino pareceulle fatal. Ao principio enfadouse moito, pensaba que estaba castigado por algo, pero non era así. A súa nai explicoulle que un bicho moi, moi pequeniño andaba pola rúa para mancar aos nenos.

Balbino resinouse e aceptouno, pero despois xa non quería facer deporte, nin tocar a guitarra nin facer nada. Pasábase o día tirado no sofá cambiando as cadeas da tele. Despois o que comía é o que se lle chama comida lixo. Estaba triste, a súa pel perdeu a cor e o brillo, o seu pelo estaba apagado e o seu rostro moi triste. Cada vez notábase mais canso debido á falta de deporte e de movemento do seu corpo. Non quería nin falar cos amigos por teléfono. A súa nai enfadábase moito con el ata que unha noite mandouno para a cama castigado sen cear. Ao día seguinte:

- Balbino, levanta! A ver rapaz que non vas chegar ao autobús!.

- Pero mamá non podo ir ao cole que estamos confinados. Dille Balbino.

-Pero de que estás falando? Vente para almorzar que vas chegar tarde.

Balbino refrega os ollos e dáse conta de que tivo un pesadelo. Estivera soñando toda a noite con virus, enfermidades e malos hábitos.

Colleu a guitarra e a pelota meteu todo na mochila e foi para o cole todo contento.



3º PREMIO PRIMEIRO CICLO

“A piruleta sabionda e a mazá”, de Andrés Cambeiro Lago

Un día chegou a un supermercado unha caixa de mazás e o tendeiro colocouna a carón da estantería das chuches. De repente, unha piruleta vermella en forma de corazón díxolle a unha mazá verde:

- Ola, mazá!!! Eu non sei para que vos traen á tenda porque ningún nen@ quere comervos. Todos queren unha chuche coma min.
 - Iso é verdade, pero nós tamén sabemos moi ben e ademáis, somos un alimento moi san. Os nen@s son moi intelixentes e saben que comer froita mola e as chuches estropean os dentes e teñen demasiado azucre.
- A piruleta quedou pasmada ca contestación da mazá e non se burlou máis dela porque sabía que tiña razón.



1º PREMIO SEGUNDO CICLO

“O REINADO DE CROISSANT I DE CARNOTA”, de Álvaro Cambeiro Lago.



Contan que fai moitos, moitos anos, gobernaba en Carnota un rei moi alegre que se chamaba Croissant porque a súa nai era francesa. A este rei gustáballe moito comer, beber e saír de festa. A xente do pobo estaba moi contenta porque aquel rei era moi bo e dicíalle que no seu tempo libre fixesen o que quixesen. Tamén pensaba que iso da alimentación saudable,

practicar deporte ou durmir as horas necesarias eran tolerías e sacrificios innecesarios para o corpo.

Despois dun tempo, en Carnota, a xente comezou a sentirse enferma e cansa. Na escola, os nen@s durmían enriba dos pupitres e xa non tiñan enerxía para xogar. No recreo, sentábanse a comer as chuches ou os bolos que levaban para a merenda pero en realidade non eran felices. Tamén sacaban malas notas e o seu corpo comezou a cambiar. O que máis chamaba a atención e que moitos estaban sen dentes....

Un día, xa fartos desta situación, un grupo de profes e alumn@s do colexio decidiron crear un exército pacífico chamado “Os Carnosáns” para loitar en contra das normas do rei Croissant.

Ao principio ninguén lles facía caso pero despois de que a xente viu que Os Carnosáns eran fortes, sans e intelixentes, déronse conta que o estilo de vida que estaban levando non era o mellor.

Tiveron que loitar moito (no bo sentido da palabra) para convencer a Croissant pero finalmente conseguírono e entre tod@s fixeron de Carnota un pobo ao que lle gustaba facer deporte, organizando actividades moi divertidas. Tamén cultivaban alimentos de todo tipo nas súas hortas que despois lles encantaba comer, e como non, durmían as horas necesarias, sobre todo os nen@s.

Finalmente o rei Croissant agradeceulles aos Carnosáns a súa axuda e tod@s descubriron que para ser feliz, o principal é coidar o corpo e a mente.

2º PREMIO SEGUNDO CICLO

"O RAPOSO PEDRO", de Mateo Mayo Caamaño.

Había unha vez un raposo que se chamaba Pedro.

Vivía nunha montaña da Pendente. Un día espertouse querendo unha tortilla, pero non podía coller os ovos de Juanita porque o galiñeiro estaba pechado. Pedro gustaba dos ovos da casa e das boas balocas das hortas de Esteiro .

Aquela mañá encontrouse con Manuela, comentoulle que para coller os ovos podía ir a casa do seu avó Xosé María, e Pedro contestoulle :

-Eu aí non vou, teñen un can moi grande! E Manuela respondeulle:

-Lana non é grande, só ten unha voz moi potente. Podes dicirlle que vas da miña parte e seguro que che da media ducia de ovos .

Pedro baixou pasando polo supermercado, e na esquina do peirao xa escoitaba a Lana, e entrou con moito medo .

Viu que a cadela non era tanta cousa. Contoulle que viña de parte de Manuela e que ía buscar uns ovos da casa para facer unha tortilla pero Lana díxolle que non, porque lle tiña medo a Xosé María, e Pedro propuxo:

-Metade para min metade para ti.

Entón foron ao galiñeiro e Pedro foi sacando os ovos un a un, e Lana foi comendo os ovos.

Cando Pedro saíu, decatouse de que Lana papara todos os ovos , e dixo : -
Porque comestes todos os ovos!? Agora quedo sen tortilla!!

E Lana contestoulle:

-Dixérasme cantos eran, así só comía a metade!

3º PREMIO SEGUNDO CICLO

“A COMIDA DIVERTIDA”, de Sabela Siaba Sánchez

Clara, era unha nena moi, moi boa, que tiña moitos amigos, pero a súa mellor amiga, chamábase Lucía.

Elas eran moi distintas, a Clara gustábanlle moito as lambetadas e prefería levar ao recreo un donuts mellor que unha peza de froita, e prefería comer salchichas, empanadillas, hamburguesas e pizzas a un bo prato de lentellas ou verduras.

Polo contrario, a súa amiga Lucía comía de todo, e tamén de vez en cando compartía as chucherías no recreo. Cando estaban no parque xogando, Clara sempre se cansaba antes e tiña que sentarse nun banco, mentras Lucía, subía e baixaba polos columpios, facía carreiras e nunca se cansaba.

Un dia Lucía invitou a súa amiga a comer na súa casa.

- Queres vir comer a miña casa mañán? Así podemos xogar toda a tarde a xogos de mesa.

- Vale, e que vai facer a túa nai de comer?

- Pois creo que lentellas e ensalada.

- Puagghh...que asco! A min non me gustan as lentellas..... e a ensalada menos!.

-Ti vente, e teremos que convencer a miña nai para que che faga outra cousa.



O día seguinte, Clara foi a comer a casa da súa amiga pero a nai de Lucia non lle cambiou o menú. A mamá de Lucía tivo unha gran idea..... fíxolles un prato decorado: A leituga era o pelo dunha nena, os ollos eran tomates cherries, a boca era un anaco de cebola e o nariz unha cenoria pequena e o vestido... fixérono con lentellas.

Cando xa estaban na mesa e puxeron os dous pratos decorados na mesa, Clara mirou asustada, pero era un prato tan

divertido que apetecía probalo e... probouno. A Clara encantoulle esa comida e así foi como empezou a comer un pouco de todo. Só había que decorar o prato para que parecera máis apetecible.

A partir dese día, Clara non se cansaba tanto e hasta ganaba as carreiras.

1º PREMIO TERCEIRO CICLO

"MAZAM", de Lucía Sendón Louro.

Unha vez, non fai moito tempo, había unha nena chamada Xiana que ía merendar á praia. Para merendar levaba uns doritos, un zume de fresa comprado no supermercado, un bocadillo de chocolate e unha mazá de caramelo.

Xusto cando ía morder a mazá de caramelo esta converteuse nunha mazá de verdade, foi beber o zume e converteuse nun zume de laranxa natural e sen azucre, os doritos en taquiños de verdura e o bocadillo de chocolate nun bocadillo de xamón cocido.

Ante os seus ollos, dun tobogán de nubes baixaba unha rapaza de pelo e ollos vermellos coma o seu traxe e sombreiro de mazá. Despois dun longo rato de silencio a rapaza-mazá comezou a falar.

-Ola! Son Manzam, encantada de coñecerte, ti eres...? -Em... Xiana, son Xiana, de onde ves?

Manzam sorriu e díxolle:

-Do pobo que hai riba de Carnota.

-Si... É como se chama?

- Carnosáns!!! O pobo da froita e da comida saudable. Non fai falla que o preguntes, veño aquí porque ti non comes saudable!

Xiana arqueou as cellas e preguntou: -Vaiteis, o zume de fresa non é saudable?

-Non! Mira transformareino outra vez! Mantam! Mira! Xa!, un 98% é azucre, só un 2% é zume de fresa... a partir de concentrado.

-Em...Em... E a ma-mazá no-non era saudable?

-Que! Pero que dis, aquilo non era unha mazá, era caramelo só!!

-Ho..

-Ai...

Entón oíuse un estraño chirrido. Manzam púxose branca coma a neve e comentou:

-Iso non soa nada ben. Xiana alzou a vista e...

-Uaaaaa!!! Berrou Xiana desesperada.

Unha enorme caixa chea de gominolas caeulle ao lado. E de detrás da caixa saiu unha rapaza que dixo:

-Ola, son Reganliz, veño do pobo de Carnochuche.

Manzam, deu un paso ao fronte e volveu a coller a súa rosada cor de pel.

-Ola Reganliz! Que fas aquí?

Reganliz adicoulle a Xiana un malicioso sorriso e continuou falando con Manzam.

-Manzam! Porque non estas en Carnoaburruda? – riu Reganliz.

-Eh! Manzam non te fixo nada malo! – dixo Xiana de repente, logo foi xunta a comida sana e bebeu o zume:

-Prometo comer saudable!! –berrou

-Mira o que pasou!! – berrou Reganliz sinalando a Xiana. Xiana pechou os ollos e abriunos no cuarto pola mañá, tapada. “Fora un soño”. Pensou.

Foi a cociña e colleu unha fermosa mazá vermella.

-Ben! –Oiu detrás dela e ao xirarse Manzam felicitabaa. Fin.



2º PREMIO TERCEIRO CICLO

“DANIEL E AS ORTIGAS ”, de Aitor Alvarellos

Lago

Esperta Daniel! Sucedeu algo terrible!

-Que pasa mamá? Que son esos berros?

-Acaban de dicir nas noticias, que temos que estar confinados nas nosas casas, porque hai uns monstros diminutos polas rúas do mundo, que si che pican inxéctanche un veneno que pode ser letal. Non sei xa cantas persoas morreron, e non sei cantas están graves no hospital.

-Pero...que dis mamá? Que é iso de estar confinados? -Estar confinados é non poder saír da casa.

-Entón, tampouco poderei ir ao colexio?

-Non, nin ao colexio nin a ningún outro sitio.

-Pois, que alegría me deches! Eso de non poder ir ao cole mola!

Daniel ergueuse rapidamente da cama, baixa correndo o salón e prende o televisor.

Estaban dicindo nas noticias que os monstros diminutos chamados COVID-19 tiñan a todo o mundo dominado.

Daniel estaba feliz con iso de estar na casa e non ter que ir ao colexio, pero según ían pasando os días xa empezaba a cansarse da situación, polo tanto púxose a investigar sobre esos diminutos monstros.

De repente a Daniel ocorreuselle unha idea: facer unha póccema de ortiga para solfatar todas as rúas do mundo con ela.

Comezou solfatando todo o exterior da súa casa e comprobou que funcionaba. Aos mini monstros empezáballes a picar a barriga rascábanse e rascábanse... ata que se desfacían vivos.

Cando o ministro de sanidade Fernando Simón se enterou do invento de Daniel puxo a todos os laboratorios de España a fabricar a póccema. Todo o mundo celebrou o éxito de Daniel.

Hasta na praza de Carnota, onde vivía Daniel, puxeron unha estatua de ortigas na súa honra.

3º PREMIO TERCEIRO CICLO

“AS FADAS DA FROITA”, de Cristina Sanvicente Caamaño.

Era un día corrente en Frutilandia. As “fadas da froita” estaban recollendo as froitas e verduras. Todas menos unha, a fada Uva que non lle gustaban as froitas e moito menos as verduras. O que lle gustaba a ela eran os doces, encantábanlle!!!

As fadas Sandía e Amorodo decíanlle:

-Uva, so deberías comer un doce por semana, porque non son saudables e ademais, os teus dentes van tornar negros!!!!.

Pero ela ignorabaas e comía catro, cinco, seis....cada día. Ríase das súas amigas:

-Jajaja!!!!... os meus dentes non me van pudrir, iso pódemos pasar a vós de tanto comer froita e verdura. Ademais.... Lavo os meus dentes tódolos días coa pasta máxica.

O resto das fadas decidiron demostrarlle a fada Uva, que a froita e a verdura era boa, e que estaba moi rica. Só a tiña que probar. Fixeron unha festa onde disfrazaron toda a froita e a verdura de doces, sorbete de limón, cartexos de mandarina con chocolate....

Cando a fada Uva as probou... SORPRESA!!!!!!...Non podía parar de comelas!!!!.

As fadas Sandía e Amorodo acercáronse a ela e dixéronlle:

-O que acabas de comer, son froitas e verduras, ¿a que che gustan?.

A fada Uva non se podía crer o boa que estaba toda aquela comida(que ela pensara que eran golosiñas), pero tivo que recoñecer que as súas amigas lle deran unha gran lección.

Demostráronlle que a froita e as verduras non só son saudables, se non que tamén están deliciosas, só hai que probalas. As fadas Melón e Mazá, dixéronlle:

-Agora xa o sabes, non basta con lavar os dentes,(aínda que sexa saudable), tamén hai que comer san. E como di o refrán... Non se debe comer mais cos ollos que ca boca.



XUÑO 2020

**TRABALLOS REALIZADOS POLO ALUMNADO DO
C.E.I.P. DE CARNOTA DURANTE O
CONFINAMENTO POR CAUSA DO COVID-19**